



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CESANTES  
18 DE ABRIL DE 2018

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.**
- 2. Propostas para orzamentos participativos 2018.**
- 3. Rogos e preguntas.**

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e oito minutos, do día dezoito de abril de dous mil dezoito, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Francisco J. Táboas Carrera, representante de AER
- M<sup>a</sup> Magdalena Ramonet Otero, representante das asociacións veciñais
- Jaime Piedras Couñago, representante das asociacións culturais
- Carlos González Domínguez, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das entidades deportivas
- Mercedes Iglesias Bouzón, representante do colectivo do mar

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

**1.- Aprobación, se procede, das actas anteriores.**

Sométense a aprobación as actas das xuntanzas de data 13.12.2017 e do 27.12.2017.

Apróbese a acta do 13.12.2017 por unanimidade de todos os membros presentes.

Apróbese a acta do 27.12.2017 por unanimidade de todos os membros presentes agás Leonardo Cabaleiro Couñago que se abstén.

**2.- Propostas para orzamentos participativos 2018.**

O Presidente lles pregunta que propostas teñen.

Carlos González Domínguez di asfaltar o camiño do Piñón en Outeiro das Penas.

Arsenio Martínez Ricón comenta que o ano pasado pediran a bionda e os canlóns.

O Presidente lle contesta que falou coa concelleira de vías e obras, M<sup>a</sup> José, e van a poñelos.



## CONCELLO DE REDONDELA

Leonardo Cabaleiro Couñago di que non poden poñer unha cifra de 16000 euros porque aínda non está aprobado o orzamento do Concello.

O Presidente explica que agora a base é de 16000 euros se despois é outro importe o indicará.

Leonardo Cabaleiro Couñago lle pide ao Presidente que motive aos colectivos para que traian propostas e comenta que se poden facer actuacións interparroquiais.

M<sup>a</sup> Magdalena Ramonet Otero comenta que se teñen que adaptar a eses 16000 euros e non dan para moito, por exemplo, habería moitos camiños para parchear.

Luis Antonio Medal Martínez di que a misión do consello é buscar a coordinación entre todos nas cousas importantes para presionar no Concello coas peticións. Hai que facer unha reunión previa entre os colectivos para ver os temas importantes.

O Presidente lles explica que teñen que traer propostas en conxunto e acordalo no consello para que teña máis peso.

Mercedes Iglesias Bouzón comenta que ao non reunirse previamente, cada colectivo pide para si.

Francisco J. Táboas Carrera lle indica que non só ten que ser unha proposta para o colectivo, pode solicitar algo que ela mire que é necesario.

No mesmo senso, o Presidente lle explica que como colectivo ela pode solicitar algo doutro tema.

M<sup>a</sup> Magdalena Ramonet Otero solicita que se poñan "rejillas" polas beirarrúas do colexio.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que o PSOE leva anos solicitando a Fomento que se mellore a zona do colexio e o Viso e presentando enmendas aos orzamentos do Estado.

O Presidente di que cos 16000 euros se pode facer unha actuación máis grande, o das "rejillas" se pode pedir en rogos e preguntas. Lles pregunta se queren deixar o tema dos orzamentos enriba da mesa, reunirse entre eles e convocar un extraordinario coas propostas.

Leonardo Cabaleiro Couñago lle pregunta cando teñen previsto aprobar os orzamentos e se se van a modificar as bases dos consellos para poder invertir noutras actuacións como cultura ou deporte.

O Presidente lle contesta que se está facendo unha proposta para o regulamento e houbo un periodo para presentar propostas.

Luis Antonio Medal Martínez comenta que se son orzamentos participativos o normal sería que as entidades representantes fagan propostas e se leven ao Concello antes de que se faga o orzamento municipal para telas en conta.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente lles pide que se reunan e traian propostas.

Leonardo Cabaleiro Couñago solicita que a petición dos colectivos (o asfaltado do camiño do Piñón) se faga a conta do remanente de tesourería.

O Presidente lles pregunta se queren investir os orzamentos no asfaltado do camiño do Piñón.

Finalmente, acordan entre todos reunirse os colectivos o martes para tratar as propostas e convocar un consello extraordinario para o mércores 2 de maio de 2018.

### **3.- Rogos e preguntas.**

Carlos González Domínguez pregunta polos biosaudables da praia.

O Presidente lle contesta que están con ese tema e serán en inox.

Carlos González Domínguez reitera o tema da auga da caseta da Santa, o tubo está cortado.

O Presidente lle indica que o están mirando, que consultado con Aqualia a auga está cortada nesa zona porque coa presión rompía por todos lados.

Jaime Piedras Couñago pide que se arranxe o camiño onde a ponte e parada do autobús.

Arsenio Martínez Ricón comenta se se pode arranxar o camiño estreito que dá á praia, que vai o rego da auga por un lado (camiño Gataladras) xa que é moi utilizado polos veciños e peregrinos.

M<sup>a</sup> Magdalena Ramonet Otero comenta o tema dunha veciña de Outeiro das Penas que lle caíu un trozo de muro. Pregunta se o Concello ten previsto arranxar ese camiño e facer os muros.

O Presidente lle contesta que está pendente de que os veciños veñan ao Concello coa documentación para facer os documentos de cesión, se falou con eles e se lles dixo que o Concello se comprometía a facer os muros se eles ceden os terreos. Ademais, indica que ese camiño se vai asfaltar, dende a farmacia para arriba.

M<sup>a</sup> Magdalena Ramonet Otero pregunta polo acceso á fonte da Coviña.

O Presidente lle contesta que se falou cos dous propietarios para ceder e se están de acordo, se fará o documento de cesión e o muro.

Carlos González Domínguez comenta que polo camiño do Nikol aparcan os vehículos e non pasa un camiión, que se busque unha solución.

M<sup>a</sup> Magdalena Ramonet Otero comenta que as árbores na fonte do Pazo seguen sen podarse e dan nos cables. Ademais, limpáron mal o xardín.



CONCELLO DE REDONDELA

Francisco J. Táboas Carrera pregunta polo tema da tubaxe no Alto de Ostras que contén amianto.

O Presidente lle di, ao Sr. Táboas Carrera, que non ten información suficiente para contestarlle ese tema, que no próximo consello lle contesta.

Arsenio Martínez Ricón lle pregunta ao presidente se vai mandar limpar os entullos na curva onde a de Marcial.

Francisco J. Táboas Carrera solicita que se vixilen puntos concretos onde hai contenedores e se deixan entullos e se coloquen carteis indicando as sancións.

Arsenio Martínez Ricón reitera o tema dos contenedores enriba das beirarrúas e do aparcamento na estrada do campo do Choco.

Francisco J. Táboa Carrera pregunta se hai algunha proposta para o tema da punta da praia.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.